



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
(Pontevedra)

[www.sghn.org](http://www.sghn.org)    [entomoloxia@sghn.org](mailto:entomoloxia@sghn.org)

D. Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163K, actuando en calidade de Coordinador da Sección de Entomoloxía da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (SGHN), asociación inscrita co nº 584.918 no Rexistro Nacional de Asociacións, en relación con diversas informacións publicadas na prensa o pasado doce de xaneiro, sobre unha suposta praga ocasionada polo cerambícido *Cerambyx cerdo* na carballeira de Caldas de Reis.

### EXPÓN:

- Que esta entidade procedeu a unha inspección na citada carballeira para contrastar a información publicada e observar directamente a situación.
- Que *Cerambyx cerdo* é un escarabello da familia dos cerambícidos que está amparado por varias figuras de protección e catalogación como:
  - o Categoría UICN: Vulnerable A1c+2c
  - o Anexo II e IV da Directiva Hábitats (Directiva 42/93/CEE do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. O Anexo II contén as especies para as cales é necesario designar zonas especiais de conservación e o Anexo IV é para as especies que requiren protección estricta.
  - o Anexo II do Convenio de Berna de 1979, como especie de fauna estritamente protexida.
- Que o normal para esta especie é que as súas larvas se alimenten de madeira morta de árbores xa debilitadas e non ó revés, é dicir, que este insecto non provoca o debilitamento da árbore e o podrecemento da madeira.
- Que na carballeira de Caldas observouse a presenza desta especie (actual ou pasada) en varias árbores, a través das marcas das larvas na madeira. Na árbore da fotografía nº 1 tamén observouse un proceso de podrecemento da raizames, que unido ós temporais pasados, doadamente é a causa principal da caída desta e outras árbores da zona.

.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
(Pontevedra)

www.sghn.org entomoloxia@[sghn.org](mailto:sghn.org)

.../....



- Que tamén observamos certa deixadez que non favorece a saúde das árbores, como diverso cableado pendurado das árbores (Fotos 2 e 3) e nalgún caso o arame estrangulando a codia da árbore, o que provoca a restricción ou eliminación do movemento da salvia na zona do xilema e floema provocando a morte ou debilitamento das partes superiores das árbores.

- Que se ben pódese observar un debilitamento xeral da saúde da carballeira, sen dúbida, este debilitamento non se debe ó *Cerambyx cerdo* ou como moito ten unha influencia mínima nesta situación.



.../...



## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
(Pontevedra)

www.sghn.org entomoloxia@sghn.org

.../...



### SOLICITA:

- Que non se empreguen tratamentos fitosanitarios indiscriminados no arborado desta carballeira.
- Que os informes que teña solicitado este concello sobre a situación fitosanitaria da carballeira, tamén se inclúa a determinación da posible presenza de patóxenos no solo, por se houber algún problema fúnxico ou similar no mesmo.
- Que se proceda á reposición do arborado faltante con exemplares de orixe xenética certificada galega, ó obxecto de reducir contaminacións xenéticas. Outra opción, dependente dos medios do propio concello, é empregar semente escollida preferentemente de landras da propia carballeira, micorrizando os plantóns.

.../...





## Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

### Sección de Entomoloxía

Apartado de Correos nº 303 ; 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA  
(Pontevedra)

www.sghn.org    entomoloxia@sghn.org

.../...

- Que como se fai noutros parques europeos, como por exemplo o Tiergarten de Berlín, as polas e árbores que sexa necesario podar por seguridade para os usuarios do parque, sexan acumuladas nun lateral do mesmo, para que as larvas de diversos insectos xylófagos as empreguen no seu ciclo vital. Para o fin indicado de alimentar diversas especies de insectos, é convinte deixar tocóns en pé, ben por si ou cun reforzo para evitar o desplome, sempre primando a seguridade dos usuarios. A SGHN ofrece a súa dispoñibilidade, gratuita, para deseñar paneis informativos sobre os motivos e ciclos vitais destes interesantes e protexidos insectos.
- Que se retire o cableado aéreo, podendo ser substituído por un subterráneo, así como se teña especial cuidado en retirar as cordas e arames que danan ás árbores.
- Que se dea contestación ó solicitado por este escrito e infórmese das actuacións que del deriven, así como das iniciativas deste concello respecto ó cuidado e recuperación deste parque.

Vilagarcía, a seis de febreiro de 2014.

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz..

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.**